

PROGRAMACIÓN LOOIFP

Versión Alumnado

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	IES Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2025/2026

Datos da programación

Ensinanza			Ciclo formativo/Curso de especialización			Grao	
Graos D: Ciclos formativos			D3SAN000600 - Anatomía patolóxica e citodiagnóstico			A	
Módulo							
MP1369 - Bioloxía molecular e citoxenética (1º)							
Tipo de oferta			Modalidade			Réxime dual	Grupo
Réxime xeral-ordinario			Presencial			Xeral	A
Sesións semanais	Horas anuais	Duración Sesións	Sesións anuais	Sesións centro			
6	157	50	188	188			

Profesorado responsable

Docentes
Muruais Conde, María Carmen

Contido	Páxina
Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.	3
Relación e secuencia de unidades didácticas	3
Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.	4
Procedemento de avaliación inicial.	11
Criterios de cualificación e recuperación	11
Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	12
Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua	12
Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.	13
Programación da educación en valores.	13
Actividades complementarias e extraescolares.	13
Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.	13
Outros apartados.	14

Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo.

O perfil profesional do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais incluídas no título. A competencia xeral do título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico consiste en procesar mostras histolóxicas e citolóxicas, seleccionar e facer a aproximación diagnóstica de citoloxías xinecolóxicas e xerais, e colaborar na realización de necropsias clínicas e forenses, de maneira que sirvan como soporte ao diagnóstico clínico ou médico-legal, organizando e programando o traballo, e cumprindo criterios de calidade do servizo e de óptimo aproveitamento dos recursos, baixo a supervisión facultativa correspondente. As persoas que obteñen o título de técnico superior en Anatomía Patolóxica e Citodiagnóstico exercen a súa actividade no sector sanitario, en organismos e institucións do ámbito público e en empresas privadas, en atención tanto primaria como especializada, así como en centros de investigación. Ademais, realizan o seu traballo baixo a supervisión do/da facultativo/a correspondente. A súa actividade profesional está sometida a regulación pola Administración sanitaria estatal. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes: -Técnico/a superior en anatomía patolóxica e citoloxía. -Técnico/a especialista en anatomía patolóxica e citoloxía. -Citotécnico/a. -Axudante de forense. -Prosector/ora de autopsias clínicas e médico-legais. -Tanatopractor/ora. -Colaborador/ora e asistente en bioloxía molecular. -Colaborador/ora e asistente de investigación. No ámbito profesional dos técnicos de laboratorio requirense profesionais polivalentes, capaces de desenvolver técnicas de laboratorio que se aplican tanto no campo das análises clínicas como na anatomía patolóxica. As continuas investigacións no campo da bioloxía molecular están a permitir a descuberta de moléculas implicadas na etiopatoxenia de diferentes procesos patolóxicos. Isto xustifica que as técnicas da bioloxía molecular, a citoxenética e a bioinformática supoñan unha disciplina con entidade propia, á vez que unha ferramenta fundamental, cada vez con máis implicación noutros ámbitos do laboratorio. Por todo isto, o/a técnico/a debe estar preparado/a para se adaptar e aplicar estas técnicas que se van impondo nas tarefas que cada vez son máis rutineiras nas diversas áreas de traballo. Os avances tecnolóxicos dos métodos de diagnóstico requiren unha actualización na formación dos/das técnicos/as que se incorporou en cada módulo, nomeadamente nas técnicas de inmunocitoquímica e inmunohistoquímica, así como no citodiagnóstico. A tendencia do sector experimentou nos últimos anos un avance notorio nos sistemas de automatización, coa incorporación da robótica no campo do procesamento de mostras citolóxicas e histolóxicas, o que permite obter resultados nun menor tempo e procesar un número elevado de mostras. Malia ter decrecido o número das necropsias nos últimos tempos, o desenvolvemento progresivo do sector funerario require técnicos/as que saiban realizar as técnicas de extracción de tecidos, próteses, marcapasos e outros dispositivos contaminantes do cadáver, polo que o ámbito profesional deste/a técnico/a se viu ampliado. O desenvolvemento e a aplicación de software na xestión dos laboratorios, que vai desde a petición da proba ata a emisión do resultado, así como a dixitalización de imaxes e documentos, está a permitir o seguimento de todo o proceso, para o cal se necesitan técnicos/as capaces de manexar estes programas e resolver as incidencias que se presenten no nivel de usuario/a. A necesidade de impulsar unha mellora continua da calidade require unha revisión periódica dos procedementos que garanta un estreito control da calidade ao longo de todo o proceso que se realiza no laboratorio,

Relación e secuencia de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
1	Caracteriza os procesos que cumpra realizar nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular, en relación cos materiais e os equipamentos	Estructura, equipamiento e condicións de traballo nos laboratorios de bioloxía molecular, cultivos celulares e citoxenética	10	20
2	Aplica técnicas de análise cromosómica en sangue periférico, líquidos e tecidos, e interpreta os protocolos establecidos	Conceptos xerais de citoxenética, con especial énfasis na citoxenética humana	15	28

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións
3	Aplica as técnicas de extracción de ácidos nucleicos a mostrás biolóxicas, e selecciónouse o tipo de técnica en función da mostra que cumpra analizar	Metodoloxía propia e específica do laboratorio de bioloxía molecular: extracción e purificación de ácidos nucleicos	15	30
4	Aplica técnicas de hibridación con sonda ás mostrás de ácidos nucleicos, cromosomas e cortes de tecidos, e interpreta os protocolos establecidos	Metodoloxía propia e específica do laboratorio de bioloxía molecular: técnicas de hibridación de ácidos nucleicos	15	25
5	Aplica técnicas de PCR e electroforese ao estudo dos ácidos nucleicos, e selecciona o tipo de técnica en función do estudo que cumpra realizar	Metodoloxía propia e específica do laboratorio de bioloxía molecular: Reacción en cadea de la polimerasa	15	28
6	Determina os métodos de clonación e a secuenciación de ácidos nucleicos, e xustifica os pasos de cada procedemento de análise	Metodoloxía propia e específica do laboratorio de bioloxía molecular: secuenciación e clonación e aplicacións das metodoloxías de bioloxía molecular á medicina forense	15	32
7	Realiza cultivos celulares e describe os pasos do procedemento	Coñecementos dos cultivos celulares	15	25

Asignación de elementos curriculares ás unidades didácticas.

UD	Título da UD	Duración
1	Caracteriza os procesos que cumpra realizar nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular, en relación cos materiais e os equipamentos	20

Criterios de avaliación
RA1 - Caracteriza os procesos que cumpra realizar nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular, en relación cos materiais e os equipamentos
CA1.1 - Identificáronse as áreas de traballo de cada laboratorio
CA1.2 - Definíronse as condicións de seguridade
CA1.3 - Describíronse as técnicas realizadas en cada área
CA1.4 - Identificáronse os equipamentos básicos e materiais
CA1.5 - Seleccionáronse as normas para a manipulación do material e os reactivos en condicións de esterilidade

Criterios de avaliación

CA1.6 - Describiuse o protocolo de traballo na cabina de fluxo laminar

CA1.7 - Estableceuse o procedemento de eliminación dos residuos xerados

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos

BC1 - Caracterización dos procesos que se realizan nos laboratorios de citoxenética e bioloxía molecular

Organización e funcións do laboratorio de citoxenética e cultivo celular.

Organización e funcións do laboratorio de bioloxía molecular.

Equipamento básico e materiais.

Normas de manipulación do material estéril. Técnica aséptica.

Seguridade nos laboratorios de citoxenética, cultivos celulares e bioloxía molecular. Eliminación de residuos.

Uso eficiente dos recursos.

UD	Título da UD	Duración
2	Aplica técnicas de análise cromosómica en sangue periférico, líquidos e tecidos, e interpreta os protocolos establecidos	28

Criterios de avaliación

RA3 - Aplica técnicas de análise cromosómica en sangue periférico, líquidos e tecidos, e interpreta os protocolos establecidos

CA3.1 - Definíronse as características morfolóxicas dos cromosomas humanos e os seus patróns de bandeo

CA3.2 - Caracterizáronse as alteracións cromosómicas numéricas e estruturais máis frecuentes

CA3.3 - Describíronse as aplicacións dos estudos cromosómicos no diagnóstico clínico

CA3.4 - Púxose en marcha o cultivo

CA3.5 - Realizouse o sacrificio celular e a preparación de extensións cromosómicas

CA3.6 - Realizáronse as técnicas de tinguidura e bandeo cromosómico

Criterios de avaliación
CA3.7 - Realizouse o recuento do número cromosómico e a determinación do sexo nas metafases analizadas
CA3.8 - Ordenáronse e emparelláronse os cromosomas por procedementos manuais ou automáticos
CA3.9 - Determinouse a fórmula cromosómica

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC3 - Aplicación de técnicas de análise cromosómica
Cromosomas eucariotas. Ciclo celular.
Técnica de obtención de extensións cromosómicas.
Métodos de tinguidura e bandeado cromosómico. Padróns de identificación.
Nomenclatura citoxenética.
Alteracións cromosómicas: numéricas e estruturais.
Diagnóstico xenético: métodos e aplicacións.
Citoxenética e cancro.

UD	Título da UD	Duración
3	Aplica as técnicas de extracción de ácidos nucleicos a mostrás biolóxicas, e selecciónase o tipo de técnica en función da mostra que cumpra analizar	30

Criterios de avaliación
RA4 - Aplica as técnicas de extracción de ácidos nucleicos a mostrás biolóxicas, e selecciónase o tipo de técnica en función da mostra que cumpra analizar
CA4.1 - Describiuse o procedemento de extracción de ácidos nucleicos
CA4.2 - Definíronse as variacións con respecto ao procedemento, dependendo do tipo de mostra
CA4.3 - Preparáronse as solucións e os reactivos necesarios
CA4.4 - Realizouse o procesamento previo das mostrás

Criterios de avaliación
CA4.5 - Obtivéronse os ácidos nucleicos, ADN ou ARN, seguindo protocolos estandarizados
CA4.6 - Caracterizáronse os sistemas automáticos de extracción de ácidos nucleicos
CA4.7 - Comprobose a calidade dos ácidos nucleicos extraídos
CA4.8 - Almacenouse o ADN ou o ARN extraído en condicións óptimas para a súa conservación
CA4.9 - Traballouse en todo momento cumprindo as normas de seguridade e prevención de riscos

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC4 - Aplicación de técnicas de extracción de ácidos nucleicos
Características estruturais e funcionais dos ácidos nucleicos. Biosíntese dos ácidos nucleicos e proteínas. Regulación.
Propiedades fisicoquímicas dos ácidos nucleicos relacionadas coas técnicas de bioloxía molecular.
Encimas asociados aos ácidos nucleicos.
Mutacións e polimorfismos.
Técnicas de extracción de ácidos nucleicos en mostras biolóxicas.
Sistemas automáticos de extracción de ácidos nucleicos.
Criterios de calidade de disolucións de ácidos nucleicos illados. Compatibilidade con aplicacións posteriores.

UD	Título da UD	Duración
4	Aplica técnicas de hibridación con sonda ás mostras de ácidos nucleicos, cromosomas e cortes de tecidos, e interpreta os protocolos establecidos	25

Criterios de avaliación
RA6 - Aplica técnicas de hibridación con sonda ás mostras de ácidos nucleicos, cromosomas e cortes de tecidos, e interpreta os protocolos establecidos
CA6.1 - Definiuse o concepto de sonda e caracterizáronse os tipos de marcaxe
CA6.2 - Describiuse o proceso de hibridación, as fases e os factores que inflúen nela

Criterios de avaliación
CA6.3 - Caracterizáronse as técnicas de hibridación en soporte sólido, cromosomas e cortes de tecidos
CA6.4 - Seleccionouse o tipo de sonda e de marcaxe, en función do sistema de detección
CA6.5 - Realizouse o procedemento seguindo o protocolo de traballo seleccionado
CA6.6 - Verificouse o funcionamento da técnica
CA6.7 - Rexistráronse os resultados nos soportes adecuados
CA6.8 - Traballouse de acordo coas normas de seguridade e prevención de riscos

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC6 - Aplicación de técnicas de hibridación con sonda
Tipos de sonda e tipos de marcaxe.
Procedemento de hibridación.
Técnicas de transferencia e hibridación de ácidos nucleicos en soporte sólido: southern blot, northern e microarrays.
Técnicas de hibridación en cromosomas e tecidos: FISH e variantes, CGH (hibridación xenómica comparada) e arrays CGH.

UD	Título da UD	Duración
5	Aplica técnicas de PCR e electroforese ao estudo dos ácidos nucleicos, e selecciona o tipo de técnica en función do estudo que cumpra realizar	28

Criterios de avaliación
RA5 - Aplica técnicas de PCR e electroforese ao estudo dos ácidos nucleicos, e selecciona o tipo de técnica en función do estudo que cumpra realizar
CA5.1 - Describiuse a técnica de PCR, as súas variantes e as súas aplicacións
CA5.2 - Seleccionáronse os materiais e os reactivos para realizar a amplificación
CA5.3 - Preparouse a solución mestura de reactivos en función do protocolo, a técnica e a lista de traballo

Criterios de avaliación
CA5.4 - Dispensáronse os volumes de mostra, controis e solución mestura de reactivos segundo o protocolo
CA5.5 - Programouse o termociclador para realizar a amplificación
CA5.6 - Seleccionouse o marcador de peso molecular e o tipo de detección en función da técnica de electroforese que haxa que realizar
CA5.7 - Cargáronse no xel o marcador, as mostras e os controis
CA5.8 - Programáronse as condicións de electroforese de acordo co protocolo da técnica
CA5.9 - Determinouse o tamaño dos fragmentos amplificados

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC5 - Aplicación de técnicas de PCR e electroforese ao estudo dos ácidos nucleicos
Técnicas de PCR: fundamento. Compoñentes para PCR. Etapas de PCR.
Variantes de PCR. Uso de controis externos e internos.
Técnicas de electroforese de ácidos nucleicos en xel.
Técnicas de detección cualitativas e cuantitativas de fragmentos e interpretación de resultados.
Aplicacións diagnósticas e forenses das técnicas de PCR. Xenotipado.

UD	Título da UD	Duración
6	Determina os métodos de clonación e a secuenciación de ácidos nucleicos, e xustifica os pasos de cada procedemento de análise	32

Criterios de avaliación
RA7 - Determina os métodos de clonación e a secuenciación de ácidos nucleicos, e xustifica os pasos de cada procedemento de análise
CA7.1 - Describiuse o proceso de clonación de ácidos nucleicos
CA7.2 - Caracterizáronse os encimas de restrición, os vectores e as células hóspede utilizadas nas técnicas de clonación
CA7.3 - Utilizáronse programas bioinformáticos para obter información sobre o inserto que se queira clonar

Criterios de avaliación
CA7.4 - Detallouse a selección das células recombinantes
CA7.5 - Definiuse o fundamento e as características dos métodos de secuenciación
CA7.6 - Describiuse o procesamento das mostras que cumpra secuenciar
CA7.7 - Caracterizáronse os secuenciadores automáticos e os programas informáticos utilizados nas técnicas de secuenciación
CA7.8 - Establecéronse os pasos para a lectura e interpretación das secuenciacións
CA7.9 - Describíronse as aplicacións dos procedementos de clonación e secuenciación no diagnóstico clínico e na terapia xenética

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC7 - Determinación de métodos de clonación e secuenciación do ADN
Clonación e edición xenética: compoñentes e fases do procedemento de clonación.
Métodos de secuenciación de ácidos nucleicos.
Bioinformática: análise de bases de datos de ADN e proteínas.
Aplicación das técnicas de bioloxía molecular no diagnóstico clínico: diagnóstico prenatal e preimplantacional; diagnóstico de doenzas infecciosas; diagnóstico de doenzas xenéticas; diagnóstico, prognóstico e tratamento de neoplasias.
Aplicacións das técnicas de bioloxía molecular en medicina legal e forense. Aplicacións en investigación de paternidade, identificación e criminalística.

UD	Título da UD	Duración
7	Realiza cultivos celulares e describe os pasos do procedemento	25

Criterios de avaliación
RA2 - Realiza cultivos celulares e describe os pasos do procedemento
CA2.1 - Caracterizáronse os métodos de cultivo celular que se aplican nos estudos citoxénéticos
CA2.2 - Seleccionáronse os tipos de medios e suplementos en función do cultivo que cumpra realizar

Criterios de avaliación
CA2.3 - Realizáronse os procedementos de posta en marcha, mantemento e seguimento do cultivo
CA2.4 - Determinouse o número e a viabilidade celular nos cultivos na propagación do cultivo
CA2.5 - Tomáronse as medidas para a eliminación da contaminación detectada
CA2.6 - Definíronse os procedementos de conservación das células
CA2.7 - Traballouse en condicións de esterilidade

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, LC:Lista de cotexo, TO:Táboa de observación, OU: outro

Contidos
BC2 - Realización de cultivos celulares
Tipos de cultivo celular empregados en biomedicina e biotecnoloxía.
Técnicas de obtención, mantemento e propagación de cultivos. Medios de cultivo. Aparellos.
Determinación do número e viabilidade celular.
Tipos de contaminación detectadas nos cultivos celulares.
Criopreservación.

Procedemento de avaliación inicial.

Segundo o Artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Polo tanto, ao inicio das actividades lectivas realizarase un cuestionario (con preguntas curtas) para a baremación do nivel do alumnado con respecto ao módulo obxecto desta programación.

Criterios de cualificación e recuperación

Procedemento e criterios de cualificación:

O procedemento e os criterios de cualificación para acadar a avaliación positiva son:

- a) O 70% nota obtense dunha proba escrita que constará dun máximo de 40 preguntas que serán de tipo test de resposta única, cada tres respostas erradas descontase unha das correctas. Poden incluírse imaxes, táboas, gráficas, capturas de pantalla, etc. Realízase unha proba con estas características en cada avaliación parcial.
- b) O 30% obtense da resolución en tempo e forma de actividades propostas (cuestionarios, presentacións, actividades de investigación, protocolos, casos prácticos...). Indicarase se a súa realización é individual ou grupal, así como o número máximo de integrantes en dito grupo.
- c) Será necesario acadar unha cualificación mínima de 5 puntos en cada proba para facer a media ponderada e superar cada avaliación. Así mesmo, será necesario superar todas as avaliacións para superar o módulo. De non ser así, o alumno ou alumna deberá seguir o procedemento de recuperación previsto nesta programación.
- d) Segundo a lexislación vixente, a cualificación do módulo profesional será numérica, entre 1 e 10, sen decimais. Consideraranse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

Aos resultados con decimais aplícase o redondeo matemático, de tal xeito que as puntuacións con decimal inferior a 5, redondeáanse á baixa (exemplo: 6,4 redondeárase a 6) e as puntuacións con decimal igual ou superior a 5, redondeáanse á alza (exemplo: 6,5 redondeárase a 7).

Procedemento e criterios de recuperación

O alumnado que NON superase algunha das avaliacións, terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación no mes de marzo (previa á avaliación final de módulos) que inclúa todos os contidos non superados, e coas mesmas características que as indicadas no punto 5 desta programación didáctica. A cualificación obtense do xeito explicado no punto 5.

Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que NON superase o módulo (no curso anterior), terá a posibilidade de realizar unha proba de recuperación e/ou diferentes actividades propostas polo profesor da materia que inclúa todos os contidos non superados, e coas mesmas características que as indicadas no punto 6.1 desta programación didáctica.

A cualificación obtense do xeito explicado no devandito punto.

Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito á avaliación continua

Segundo a lexislación vixente sobre a ordenación xeral da Formación Profesional en Galicia, a avaliación realízase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter contínuo. Por este motivo será necesaria a asistencia do alumnado ás actividades programadas para o módulo obxecto desta programación.

Segundo o punto 5 do Artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, o

alumnado que perde o dereito á avaliación continua co cal, por razóns de inasistencia reiterada, non sexa posible utilizar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente para cada módulo profesional, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos correspondente.

Esta proba constará dun cuestionario tipo de resposta única (Cada tres respostas erradas restase unha das correctas) e/ou preguntas curtas (poden incluír imaxes, táboas, gráficas, capturas de pantalla...)

Conforme se determina no artigo 25 da Orde do 12 de xullo de 2011, o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10% respecto da súa duración total. Para tales efectos e con carácter previo, o centro enviará un apercibimento ao alumno ou á alumna cando as faltas de asistencia inxustificadas nun determinado módulo superen o 6% respecto da súa duración total.

Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados.

Para o alumnado no que se detecte necesidade de reforzo educativo, adaptaránse aqueles aspectos no proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (tarefas, recursos, espazo, tempos...) , en ningún caso suporá a redución de contidos, que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

Programación da educación en valores.

Trabállase de maneira implícita e explícita no desenvolvemento do módulo, e contribúe á formación integral da persoa e a mellorar actitudes para a súa incorporación laboral, destacando:

- Educación medioambiental: impulsar hábitos de reciclaxe.
- Educación para a saúde: hixiene e seguridade na aula, de seguridade no traballo, así como as precaucións necesarias no emprego do material. Deste xeito impulsarase a aprendizaxe de valores como a saúde laboral, responsabilidade no traballo e o respecto polos bens comúns.
- Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: este módulo conta con elementos para concienciar ao alumnado sobre a xusta igualdade de oportunidades entre homes e mulleres: usando unha linguaxe non discriminatoria e inclusiva, facendo grupos mixtos de traballo, distribuindo as tarefas na mesma medida entre todo o grupo por igual, fomentando a participación de cada persoa sen distincións de sexo...
- Educar para a convivencia: funcionamos sempre tendo en conta os principios da convivencia democrática e pacífica: tolerancia, respecto e igualdade. Amosando actitudes contrarias á violencia, aos estereotipos de xénero, lingüísticos, relixiosos, físicos, de cla-se social, e aos prexuízos, utilizando o diálogo como medio de traballo nos grupos e na clase.

Actividades complementarias e extraescolares.

Non previstas.

Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente.

Segundo a lexislación vixente sobre a ordenación xeral da formación profesional en Galicia, o profesorado avaliará (...) a súa propia práctica docente (...) terase en conta o seguimento a que se refire o artigo 34o.4 do presente decreto e valorarase, entre outras, a programación, a organización e a concreción do currículo en relación á súa adecuación ás características do ámbito produtivo e ás necesidades do alumnado.

Segundo o punto 4 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, co fin de garantir a función formativa que ten a avaliación e o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, conforme o establecido na normativa vixente, cada departamento de familia profesional incluírá na súa programación a sistemática que se vaia empregar para lle dar a coñecer ao alumnado a información relativa á programación de cada módulo profesional, con especial referencia aos obxectivos, aos criterios de avaliación que serán aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como ao nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva. Polo tanto, ao inicio das actividades lectivas o alumnado será informado de todas as condicións establecidas nesta programación didáctica, a cal ademais estará á disposición do alumnado no curso da aula virtual (Moodle) creado para o módulo obxecto desta programación.

Segundo o punto 5 do artigo 23 da Orde do 12 de xullo de 2011, cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia mínima mensual, o seguimento das programacións de cada módulo, no cal se reflectirá o grao de cumprimento con respecto á programación e a xustificación razoada no caso de desviacións. A programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso

Outros apartados.